

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Proxecto de Lei do comercio interior de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 29 de setembro de 2010.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto para a ampliación e modernización da estación depuradora de augas residuais (EDAR) do Lagares.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en guía, información e asistencia turísticas.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en axencia de viaxes e xestión de eventos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se efectúa a declaración de utilidade pública e urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados pola execución das obras da nova vía no porto de Vilanova de Arousa (Pontevedra).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial do "Polígono Industrial da Pasaxe", nos concellos de Gondomar e Vigo, como de incidencia supramunicipal.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Coruña, para a execución do enlace da terceira rolda coa autovía AC-14 en Lonzas, por importe de dezaoto millóns trescentos sesenta e dous mil setenta e tres euros e cincuenta e tres céntimos (18.362.073,53 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cabana de Bergantiños para a execución de sendas peonís na AC-423 e na AC-429, por importe de douscentos setenta e dous mil catrocentos trinta e un euros e sesenta e dous céntimos(272.431,62 €)
- Acordo polo que se declara a incidencia supramunicipal o "Plan sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas básicas de saneamento, abastecemento e rede viaria no Concello de Barreiros"

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, en relación coas axudas convocadas nos anexos I, II, III e IV da Orde da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión das axudas correspondentes ás prórrogas que se inician no ano 2010 dos programas Isidro Parga Pondal (adxudicacións dos anos 2006 e 2007), María Barbeito e Isabel Barreto (adxudicacións do ano 2008), ao abeiro das accións de formación de investigadores do programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2006-2010) para o ano 2010, e se procede á súa convocatoria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a *Université Sorbonne Nouvelle - Paris 3*, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a *Universidad Complutense de Madrid* para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil novecentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (56.962,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a *Universität Leipzig* para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de setenta e cinco mil oitocentos euros (75.800,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a *Universitat d'Alacant* para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil novecentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (56.962,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a *Universidad de Deusto/Deustuko Unibertsitatea* para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a *Christian-Albrechts-Universität zu Kiel* para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e dous mil catrocentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (62.476,32 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio colaboración entre a consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Baiona para a actuación no contorno do Cruceiro da Santísima Trindade en Baiona (Pontevedra), por un importe total de douscentos sete mil oitocentos vinte e un euros con corenta céntimos (207.821,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a *Asociación Galega de Propiedade Balnearia* para a difusión do termalismo en mercados de proximidade e internacional e o fomento da investigación e coñecemento da hidroterapia termal como remedio médico-terapéutico, por un importe total de oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, para a determinación das especies que xeran pragas e enfermidades agrícolas e forestais.

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o grao de implantación da historia clínica electrónica- IANUS.
- Informe sobre o traslado do Hospital Lucus Augusti de Lugo.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre as cifras de asistencia á programación Xacobeo 2010, desde o 1 de xaneiro ata o 15 de setembro de 2010.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI QUE MODERNIZARÁ O COMERCIO GALEGO PARA A SÚA INMEDIATA REMISIÓN AO PARLAMENTO

- *Con este texto, acádase o obxectivo de configurar unha normativa integral moderna, actualizada e eficaz que protexerá o interese xeral coa finalidade de acadar a modernización, a mellora e o desenvolvemento do sector comercial galego*
- *A regulamentación responde a unha demanda do propio sector e á necesidade de modernizar un marco legal que transcorridos máis de vinte anos desde a aprobación da última Lei de comercio interior de Galicia precisa afrontar unha nova regulamentación acorde coas necesidades actuais do noso comercio*
- *O anteproxecto responde aos criterios de necesidade, equilibrio, respecto aos dereitos dos consumidores, eficacia e apoio á importancia do pequeno comercio en Galicia*
- *No articulado recóllese a liberdade absoluta no uso do idioma, tal e como expón o Estatuto de Galicia, e a creación de novos órganos co obxectivo de acadar unha maior simplificación e racionalización administrativa para chegar a maiores niveis de eficiencia*
- *A regulamentación está aberta ás novas realidades e formatos comerciais existentes en Galicia, e definirá e ordenará as promocións en xeral e as rebaixas en particular*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o texto do anteproxecto de Lei de comercio de Galicia presentado pola Consellería de Economía e Industria logo do remate do período de consulta e información pública e obter todos os informes preceptivos, incluído o ditame favorable do Consello Económico e Social (CES), para a súa inmediata remisión ao Parlamento de Galicia co obxectivo de que o texto estea aprobado antes de que remate o ano para beneficiar os cidadáns galegos e o sector, especialmente ao pequeno comercio.

O traballo da Consellería de Economía e Industria permitirá dotar a Galicia, tal e como avanzou no seu momento o conselleiro, dunha nova Lei de Comercio este mesmo ano logo de acadar que a nosa Comunidade Autónoma fose unha das poucas en se adaptar en prazo á nova Directiva Europea de Servizos coa Lei 7/2009 de modificación da Lei 10/2008.

Con este texto, que conta coa participación do sector e dos departamentos e órganos competentes, incluídas as recomendacións do CES, acádase o obxectivo de configurar unha normativa integral moderna, actualizada e eficaz que protexerá o interese xeral coa finalidade de acadar a modernización, a mellora e o desenvolvemento do sector comercial galego, especialmente do pequeno comercio, dando resposta ás demandas dos comerciantes sen descoidar a protección dos consumidores e aberto ás novas realidades e formatos comerciais existentes en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O novo texto legal responde a unha demanda do propio sector e á necesidade de modernizar un marco legal que transcorridos máis de vinte anos desde a aprobación da última Lei de comercio interior de Galicia precisa afrontar unha nova regulamentación acorde coas necesidades actuais do noso comercio e que responde aos criterios de necesidade, equilibrio, respecto aos dereitos dos consumidores, eficacia e apoio á importancia do pequeno comercio en Galicia.

No articulado recóllese a liberdade absoluta no uso do idioma, tal e como expón o Estatuto de Galicia, e a creación de novos órganos co obxectivo de acadar unha maior simplificación e racionalización administrativa para chegar a maiores niveis de eficiencia. Deste xeito, o novo texto regulará a creación dun Observatorio do Comercio Galego configurado como un órgano asesor, consultivo, de estudo e formación en materia de comercio, e a posta en marcha de mesas locais de comercio como órganos de participación do sector no ámbito local, amplamente demandadas polo sector, que terán funcións coordinadoras do traballo das asociacións coas administracións.

Tal e como xa se avanzou, respectando e traspoñendo os preceptos da directiva de liberalización de servizos, o novo texto establecerá a necesidade de autorización autonómica en supostos de incidencia supramunicipal para aqueles establecementos individuais ou colectivos que teñan unha superficie útil de exposición e venda ao público superior aos 2.500 metros cadrados. Esta medida conecta o respecto ao interese xeral, de xeito que sexa posible compatibilizar a liberdade de apertura cun axeitado ordenamento do territorio que favoreza o desenvolvemento equilibrado e garanta o benestar de todos os galegos, co respecto á autonomía local nos outros supostos, e coa simplificación administrativa.

A nova regulamentación servirá tamén para definir e ordenar por primeira vez en Galicia os centros comerciais abertos; a figura dos outlets; as promocións en xeral, e as rebaixas en particular, coa prohibición de realizar práctica promocional ningunha un mes antes da súa data de inicio e eliminando as excepcións; e a proliferación das feiras de oportunidades.

Todas estas medidas terán como beneficiarios os galegos e o comercio galego, con especial atención ao pequeno comercio, que estará representado nos órganos de nova creación e interacción coas administracións, tal e como levaban anos demandando, e que verán como se ordenan e regulan as novas figuras comerciais aparecidas nos últimos anos e que eran fonte de conflitos e malestar.

A XUNTA DECRETA OS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS PARA A FOLGA XERAL DO VINDEIRO 29 DE SETEMBRO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que dita as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o vindeiro mércores 29 de setembro, que afectará todas as actividades laborais e funcionariais desempeñadas polos traballadores e polos empregados públicos das empresas e organismos establecidos dentro do ámbito xeográfico e xurídico do Estado español.

A folga, que se desenvolverá entre as 0.00 horas e as 24.00 horas do día 29 de setembro, está convocada polas centrais sindicais Confederación General del Trabajo (CGT), Unión Xeral de Traballadores (UXT-Galicia), Comisións Obreiras de Galicia (CCOO-Galicia) e a Confederación Intersindical Galega (CIG).

Ante esta convocatoria e ante a necesaria conciliación entre o exercicio ao dereito de folga e o mantemento dos servizos esenciais, a Administración autonómica fixou hoxe uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que figuran no decreto, que entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así, establécense servizos mínimos sobre sectores e actividades cuxa regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta de Galicia e que poden afectar o desenvolvemento da actividade cidadá, como a sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Neste sentido, seguindo o criterio establecido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Auto de 19 de xuño de 2002, os servizos mínimos non excederán en cada centro, departamento ou oficina o número de persoas que normalmente permanecen neles con ocasión dun domingo ou día festivo, salvo que se trate de órganos que tales días permanecen pechados, en que se observarán as quendas establecidas para os sábados.

O decreto incide, entre outros sectores e actividades, na fixación de servizos mínimos na Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) –polas graves consecuencias ambientais e de saúde pública que podería comportar unha parada das súas instalacións- e en determinadas infraestruturas viarias, para garantir a súa utilización en condicións de normalidade e o exercicio de dereitos como a libre circulación e o acceso aos servizos de saúde, educación, etc.

Ademais, tamén establece a necesidade de garantir o persoal incluído nese día no dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais -Medio Rural- ; e en manter a vixilancia do sector pesqueiro, coa finalidade de ofrecer unha efectiva

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

protección dos recursos mariños e de non afectar as actuacións de salvamento e rescate marítimo.

Estivose negociando coas organizacións sindicais para compatibilizar o dereito a exercer a folga contra a política económica do Goberno de España e o mantemento dos servizos mínimos indispensables para asegurar a sanidade, os transportes, a asistencia social, a educación e a xustiza.

Neste momento, hai acordo co sindicato UXT na maioría dos servizos públicos – transporte, xustiza e administración xeral da Xunta de Galicia-. Hai un desacordo con outras centrais sindicais. Entendemos que é perfectamente lexítimo o dereito a folga pero tamén é unha obriga dun goberno responsable manter os servizos públicos esenciais.

A XUNTA APROBA O EXPEDIENTE DE URXENTE OCUPACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLA AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA DEPURADORA DE VIGO

- *Unha vez publicado o decreto no Diario Oficial de Galicia, Acuanorte poderá comezar coas expropiacións*
- *O orzamento da EDAR de Vigo ascende a 230 millóns de euros,*
- *O investimento da Xunta elévase a 121 millóns de euros, incluíndo os xuros do pagamento aprazado*
- *O obxectivo principal deste proxecto é dar solución á insuficiencia na capacidade de depuración das augas residuais urbanas de Vigo*
- *A nova depuradora deseñarase para dar servizo a máis de 800.000 habitantes*
- *A depuradora será unha das máis modernas do Estado e contará cunha liña de auga, outra de lodos con secado térmico e recuperación de enerxía e un control de tratamento de olores*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares, en Vigo. Unha vez publicado o decreto no *Diario Oficial de Galicia*, Acuanorte poderá comezar coas expropiacións.

A construción da depuradora de Vigo é o resultado dun convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia, a sociedade estatal Aguas de la Cuenca del Norte (ACUANORTE) e o Concello de Vigo, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 22 de xullo de 2010, e que ten como finalidade resolver as deficiencias existentes no sistema de depuración da cidade de Vigo.

Esta actuación hidráulica precisa dun orzamento de 230 millóns de euros, dos que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia achegará 104 millóns de euros, un 45% do financiamento total, aos que hai que engadir os xuros derivados polo pagamento aprazado, o que supón un investimento total de 121 millóns de euros.

O réxime de colaboración é o seguinte: Acuanorte licita, adxudica e dirixe as obras, ademais de facerse cargo das expropiacións; a Xunta de Galicia cofinancia e asume as baixas e alzas das incidencias que se poidan producir ao longo da execución das obras; e o Concello de Vigo será o titular das instalacións e asumirá a súa explotación unha vez rematadas.

Actuación necesaria

O obxectivo principal desta actuación é dar solución aos graves problemas de contaminación continua e progresiva que se están producindo nas augas da ría de Vigo, que provocan a deterioración da súa calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A nova EDAR suporá acadar os obxectivos previstos na normativa comunitaria, ademais de redundar nunha mellora da calidade das augas da ría, considerada como zona de gran riqueza marisqueira. As obras consistirán basicamente na construción dunha nova estación depuradora cun novo emisario submarino para un caudal de 8 m³/s, así como na necesaria ampliación da rede eléctrica existente.

Características técnicas

A depuradora situarase na marxe sur da ría de Vigo, xunto á marisma do Lagares estará deseñada para 801.504 habitantes equivalentes. A EDAR contará cunha liña de auga na que todo o caudal que chegue a ela se someterá a desbastamento, pretratamento e tratamento primario. Incorporarase ademais o tratamento secundario para a integridade do caudal que se reciba, con eliminación de nitróxeno por procesos biolóxicos e fósforo por vía química, así como un sistema de desinfección.


Por outra banda, contará cunha liña de lodos con dixestión anaerobia con aproveitamento da enerxía do biogás e secado térmico de baixa temperatura. A planta incluírá a xestión e tratamento do caudal de auga durante as chuvias, así como do incremento de produción dos lodos orixinados nesta situación, mediante uns tanques de regulación de caudal.

Plan Hidrolóxico

Tanto o vixente Plan Hidrolóxico Galica-Costa como o borrador do novo plan, agora en fase de participación pública, consideran necesaria e básica a ampliación da depuradora de Vigo e o saneamento integral da ría. Así mesmo, dáse cumprimento ao Plan de infraestruturas hidráulicas 2009 – 2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e ao Plan específico para a mellora da calidade das augas das rías galegas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ADAPTA Á LEI DE CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS DOUS NOVOS CURRÍCULOS DE FP

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os currículos dos ciclos superiores de Guía, información e asistencia turísticas; e de Axencia de viaxes e xestión de eventos*
- *Deste xeito, a Xunta continúa co proceso de posta en valor da FP, que vén impulsando coa aprobación xa de 22 currículos e un decreto para regular estas ensinanzas en Galicia*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á aprobación de dous novos decretos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a adaptación dos currículos dos ciclos superiores de Guía, información e asistencia turísticas; e de Axencia de viaxes e xestión de eventos á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións. Deste xeito, estes estudos, que pasan a ter unha duración de 2000 horas, quedan ademais harmonizados co Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

No marco de posta en valor da Formación Profesional que está a desenvolver o departamento de Educación da Xunta de Galicia, a consellería leva xa adaptados 22 novos currículos na lexislatura. Ademais, aprobou un novo decreto para regular a FP e modernizala, incluíndo nestes as novas tecnoloxías e as linguas estranxeiras.

Deste xeito dáse pulo a unha FP que responde ás necesidades dos sectores produtivos galegos, o que facilita a posterior empregabilidade dos futuros titulados nos diferentes campos profesionais. Neste mesmo camiño, a Dirección Xeral de FP traballa sobre os currículos doutros 6 ciclos, que pasarán para a súa aprobación polo Consello da Xunta nas vindeiras semanas.

Acceso a outros estudos

Ao abeiro das modificacións realizadas nos currículos, e para favorecer a mobilidade desde a FP cara a outros estudos, nos devanditos ciclos formativos queda establecida a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención; e quedan establecidos os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias. Neste sentido, ábrese a posibilidade de acceder aos estudos universitarios desde calquera ciclo formativo de formación profesional de grao superior; e a de validar os estudos de formación profesional de grao superior por créditos universitarios ECTS -Sistema Europeo de Transferencia de Créditos-.

Así mesmo, os novos currículos inclúen un módulo de formación en centros de traballo con que os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita ao alumnado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais.

APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE AS TARIFAS DOS SERVIZOS SANITARIOS PRESTADOS NOS CENTROS DEPENDENTES DO SERGAS A PACIENTES QUE NON SEXAN BENEFICIARIOS DA SEGURIDADE SOCIAL

- *Así como naqueles casos e que exista un terceiro obrigado ao pagamento*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto polo que se establecen as tarifas dos Servizos Sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas institucións sanitarias públicas, a pacientes que non sexan beneficiarios da Seguridade Social, así como naqueles casos en que, sendo beneficiarios, exista un terceiro obrigado ao pagamento que deba asumir o gasto sanitario.

Os servizos públicos de saúde deben de reclamar aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos, e a rehabilitación.

Considérase terceiros obrigados ao pagamento nos supostos de: asistencia sanitaria prestada aos asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á mutualidade xeral de funcionarios civís do Estado, Mutualidade Xeral Xudicial ou Instituto de Forzas Armadas; asistencia sanitaria prestada aos asegurados ou beneficiarios nos supostos de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do Sistema de Seguridade Social; asistencia sanitaria prestada nos supostos de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das Mutuas de Accidentes de Traballo; seguros obrigatorios (de deportistas federados e profesionais, de vehículos de motor, de caza, de viaxeiros e seguro escolar); convenios ou concertos con outros organismos e entidades; e cidadáns estranxeiros nos supostos previstos expresamente.

Tamén están obrigados ao pagamento os accidentes acaecidos cos ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos no caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou responsabilidade civil, seguro escolar, e calquera outro suposto en que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das atencións ou prestacións sanitarias deba ser a cargo das entidades a terceiros correspondentes.

PORTOS DE GALICIA INVESTIRÁ 912.000 EUROS NA NOVA VÍA QUE UNIRÁ O NÚCLEO URBANO E O PORTO DE VILANOVA DE AROUSA

- *O ente público creará novos espazos para o desenvolvemento das instalacións portuarias e os seus servizos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución das obras da nova vía no porto de Vilanova de Arousa, en Pontevedra, que realizará Portos de Galicia. O ente público, dependente da Consellería do Mar, dá un paso máis no proxecto básico das obras para a construción dunha vía que creará novos espazos para o desenvolvemento das instalacións portuarias e os seus servizos e conectará o núcleo urbano coas instalacións portuarias.

O espazo sobre o que se situará a nova vía atópase no encontro da Avenida de Galicia coa rúa de A Basella. Terá dous carrís de tres metros e medio de largo cada un deles e contará cunha pequena zona de aparcadoiro. O orzamento da obra ascende aos 912.022 euros e estímase un prazo de execución de 6 meses.

Con esta obra, Portos de Galicia pretende mellorar a urbanización e o acondicionamento da vía de conexión entre o porto e a vila, buscando unha maior axilidade para os usuarios e operadores do porto. A obra prevé tamén a instalación de mobiliario urbano, a instalación de iluminación pública e a sinalización da calzada.

Para a execución desta obra, Portos de Galicia necesitará expropiar unha antiga nave conserveira que, segundo revela o estudo de taxación, se atopa “en estado de ruína e total abandono”. O informe de taxación da nave, do que resulta a determinación inicial do xusto prezo da expropiación, ascende a 191.682 euros.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA PASAXE, NOS CONCELLOS DE VIGO E GONDOMAR

- *A medida posibilitará regularizar a situación das industrias existentes e permitirá a instalación de novas empresas*
- *A Consellería de Medio Ambiente, a través do IGVS, será a encargada de desenvolver o proxecto sectorial*
- *O proxecto sectorial permitira ordenar unha zona en que se instalaron empresas sen dispoñer dos servizos necesarios*
- *O investimento necesario para o desenvolvemento do parque empresarial, que terá 600.000 metros cadrados, superará os 31 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de hoxe, declarou de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial do Polígono Industrial da Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo, e determinou que lle corresponde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), o impulso e tramitación do citado proxecto sectorial.

O obxectivo do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal é a ordenación urbanística do polígono industrial da Pasaxe, co obxecto de conseguir solo apto para o asentamento de novas industrias, así como todos aqueles equipamentos de apoio a estas, con dotación de todos os servizos necesarios, e ao mesmo tempo ordenar situacións urbanísticas nadas á marxe do planeamento para os efectos de dotalas de condicións de sustentabilidade urbanística e ambiental compatibles cunha xestión axeitada dos recursos públicos e coa necesaria rendibilidade económica.

O polígono industrial da Pasaxe constitúe unha área industrial de concentración de actividades produtivas, disposta sobre un ámbito territorial de 60 hectáreas, situado estratexicamente entre os concellos de Gondomar e Vigo.

Neste polígono aglutínanse industrias instaladas de forma privada e outras instaladas a través de concesións da Comunidade de Montes de Vincios, ademais de propietarios privados que están á espera de que se desenvolva o polígono para instalar a súa actividade. Na actualidade xa están implantadas na zona ao redor de 80 empresas que carecen das infraestruturas precisas para o correcto desenvolvemento das actividades que nela se realizan.

Esta actuación presenta unha serie de características que xustifican o seu interese público e utilidade social, entre as que figuran as seguintes:

Contribución ao desenvolvemento sustentable

O proxecto sectorial dotará as industrias implantadas na actualidade na zona das infraestruturas precisas para desenvolver a súa actividade de conformidade cos actuais

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

parámetros de sustentabilidade e respecto ao ambiente, e tendo en conta que o seu desenvolvemento só é posible a través dunha xestión eficiente que faga o proxecto rendible economicamente. O Parque Empresarial da Pasaxe configúrase como un complexo de actividades económicas, na medida que constitúe unha zona de concentración de actividades económicas e empresariais de carácter multifuncional. Ademais, desempeña unha función estratéxica, en íntima relación co Nodo Loxístico da Área de Vigo e a súa relación co eixe atlántico. Consiste nunha dotación económico-territorial fundamental para a articulación da economía rexional.

Función vertebradora

O proxecto sectorial servirá para ordenar e regularizar a situación do amplo número de empresas instaladas na zona á marxe do planeamento. Localizada nunha área central e estratéxica de carácter rexional, o Parque Empresarial da Pasaxe articula espazos de relación entre dinámicas económicas variadas, constituíndo unha oferta de calidade e competitividade a escala rexional e suprarrexional, articulando actividades con outros ámbitos e polígonos convencionais. Constituirá un contorno empresarial de alta calidade, xerado a partir dun contorno industrial degradado e sen as infraestruturas necesarias. Permitirá a concentración de novas actividades operativas e representativas da empresa ademais das existentes, que permiten alcanzar altas cotas de calidade edificatoria, paisaxística e urbanística.

O orzamento estimado da actuación ascende aproximadamente a 31.634.804,26 euros.

Concepto	Total €
Obras (urbanización e conexións exteriores):	23.457.735,47
Expropiacións:	5.750.000,00
Honorarios e taxas:	2.427.068,79
TOTAL	31.634.804,26

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A EXECUCIÓN DO ENLACE DE LONZAS DA TERCEIRA ROLDA DA CORUÑA

- *O convenio remitirase hoxe mesmo ao concello para solicitar a súa sinatura co obxectivo de non perder nin un só día na tramitación do expediente de licitación*
- *Este enlace conectará o treito que está a realizar a Xunta de Galicia coa parte da obra que está a construír o Ministerio de Fomento*
- *As melloras introducidas para minimizar as afeccións aos veciños eleva o orzamento do enlace a 18 millóns de euros, que serán achegados pola Administración galega.*
- *O proxecto beneficiará a máis de 246.000 habitantes do Concello da Coruña*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Coruña para levar a cabo a execución do enlace da Terceira Rolda da Coruña coa futura autovía AC-14 en Lonzas (treito III). A Consellería de Medio Ambiente, a través da Sociedade Pública de Investimentos (SPI), financiará as obras cunha achega económica de 18.362.073,53 euros.

O enlace de Lonzas conectará o treito que está a realizar a Xunta de Galicia coa parte da obra que está a construír o Ministerio de Fomento, de conexión entre A Coruña coa Autovía do Noroeste (AC-14) e ramal ao aeroporto de Alvedro. Polo tanto, cabe salientar que a posta en servizo deste enlace vai depender en boa medida do Ministerio de Fomento e da finalización da súa parte da vía.

O proxecto de construción deste enlace foi aprobado pola Dirección Xeral de Infraestruturas o pasado 27 de xullo de 2010, tras ser modificado co obxecto de minimizar o impacto sobre as vivendas existentes. As melloras introducidas para minimizar as afeccións aos veciños implican un sobrecusto de 2 millóns de euros, o que eleva o orzamento do enlace aos 18 millóns de euros sinalados, que serán achegados pola Administración galega.

Cabe salientar que o visto e prace do concello ao convenio foi recibido na Consellería de Medio Ambiente o pasado 3 de setembro, tras o cal a Xunta procedeu á súa tramitación administrativa para a aprobación do Consello. O convenio remitirase hoxe mesmo ao concello para solicitar a súa sinatura co obxectivo de non perder nin un só día na tramitación do expediente de licitación.

Obxectivos

A construción do terceiro treito da terceira rolda da Coruña e seu entroncamento coa autovía que está a construír o Estado suporá o remate do treito urbano desta infraestrutura, resolvendo os déficits viarios actuais e permitindo un desenvolvemento harmónico da cidade e a súa área de influencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Con esta actuación mellóranse as comunicacións tanto de acceso como de conexión entre os distintos barrios e zonas de actividade económica da área da Coruña, ao conectar a terceira rolda coa futura autovía AC-14 e co futuro acceso ao polígono de Vío.

Características técnicas

Para realizar ditas conexións farase un enlace a dous niveis. O primeiro nivel, correspóndese ao tronco da terceira rolda xusto antes de enlazar co tramo estatal e terá, polo tanto, sección de autovía, con dous carrís por sentido e un largo de plataforma de 28 metros.

Respecto do segundo nivel, este correspóndese cos ramais de enlace á AC-14 (un de entrada e outro de saída) que pasarán baixo o seu tronco principal. Cada ramal terá dous carrís e un largo de 10,5 metros. Tamén está prevista a reposición do camiño das Rañas. O enlace terá unha lonxitude total de 70 metros.



En canto ás unidades de obra, levarase a cabo unha escavación e estendido de mestura bituminosa en quente. Ademais, realizaranse traballos de urbanización e reposición de servizos públicos, así como restauración paisaxística. Por último, colocarse drenaxe lonxitudinal e transversal, sinalización e balizamento.

A presente actuación, cuxo prazo de execución é de dous anos, beneficia máis de 246.000 habitantes do Concello da Coruña.

Obrigas da Consellería e do Concello

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, comprométese a financiar, adxudicar e executar as obras, e entregarlhas ao Concello unha vez rematadas.

Pola súa parte, o Concello da Coruña comprométese á poñer á disposición da Consellería de Medio Ambiente os terreos antes da execución da obra, así como os correspondentes permisos e autorizacións municipais necesarias. Unha vez recibidas as obras por parte da administración, asumirá a explotación, mantemento e conservación delas e dos seus servizos.



MEDIO AMBIENTE EXECUTA SENDAS PEONÍS NOS LUGARES DA MATA, BERES, TABOÍDO E PONTECESO DE CABANA, NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

- *As actuacións contan cun investimento de 272.000 euros e proporcionarán unha maior seguridade viaria aos veciños destes núcleos de poboación*
- *A posta en marcha destas sendas beneficiará a preto de 5.000 habitantes do Concello de Cabanas*
- *Os traballos, cun prazo de execución dun ano, consistirán no movemento de terras, pavimentado, drenaxe e colocación de sinais*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cabana de Bergantiños para levar a cabo a execución de varias sendas peonís.

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, financia as obras coa achega económica de máis de 272.000 euros.

O convenio de colaboración entre as administracións autonómica e local contempla a posta en marcha dunha senda peonil, na marxe norte da AC-423 no lugar da Mata, parroquia de Riobó, no concello de Cabana de Bergantiños; outra na marxe oeste da AC-423, en Beres; outra, na marxe leste da AC-429 (Ponteceso-Laxe), en Ponteceso de Cabana; e outra senda, na marxe norte da AC-429, en Taboído.

Marxe este AC-429 (Ponteceso-Laxe)

A presente actuación, que precisa dun orzamento de 184.000 euros, pretende a execución dunha senda peonil na marxe oeste da estrada AC-429, concretamente en Ponteceso de Cabana, na parroquia de Cesullas.

A senda peonil, cuxa lonxitude é de 810 metros, consistirá nunha vía de 1,50 metros de largo rematada superficialmente en formigón coloreado e separada da estrada por unha cuneta cun largo dun metro. Cabe citar que os terreos afectados pola obra son na súa totalidade de dominio público expropiados pola Xunta de Galicia.

No que se refire a unidades principais de obra, realizaranse roza e limpeza, desmante e pavimentación de formigón. Ademais, levaranse a cabo traballos de drenaxe e colocación de sinalización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta




Marxe norte AC-429

O proxecto, que dispón dun investimento de 227.000 euros por parte da Xunta tamén prevé a construción dunha senda peonil na marxe norte da AC-429, no lugar de Taboído, na parroquia de Canduas.

A citada senda, cunha lonxitude dun quilómetro, conta cunha vía de 1,50 metros de largo.

Os traballos centraranse no movemento de terras, desmonte, pavimentación de formigón e drenaxe. Tamén se colocará a sinalización vertical e horizontal necesaria.




Marxe norte AC-423 (Grilloi – Ponteceso)

Esta actuación, cuxo orzamento ascende a 65.000 euros, executarase na marxe norte da estrada AC-423, no lugar da Mata, na parroquia de Riobó.


A senda peonil, cuxa lonxitude é de 400 metros, consistirá nunha vía de 1,50 metros de largo rematada superficialmente en formigón coloreado e separada da estrada por unha cuneta cun ancho dun metro.

En relación ás unidades principais de obra, realizaranse roza e limpeza, desmorte e pavimentación de formigón, drenaxe e colocación de sinais.

**Marxe oeste AC-423**

A presente obra pretende a execución dunha senda peonil na marxe oeste da estrada AC-423, en Beres, na parroquia do Esto.

A infraestrutura, cunha lonxitude de 400 metros, dispón dunha achega económica de preto de 77.000 euros por parte de Medio Ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A realización destas sendas peonís, cuxo prazo de execución é dun ano, beneficia a preto de 5.000 habitantes do Concello de Cabana de Bergantiños.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione aos usuarios das estradas unha condución cómoda e segura. Neste sentido, o departamento que dirixe Agustín Hernández en colaboración co Concello de Cabana de Bergantiños, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade aos cidadáns.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PLAN SECTORIAL PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS BÁSICOS AO CONCELLO DE BARREIROS

- *Este plan suporá a mellora e ampliación de servizos básicos aos núcleos urbanos de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante*
- *O convenio de colaboración entre o Goberno galego, Deputación de Lugo e Concello de Barreiros estipula como inicio da súa folla de ruta a presentación dun plan sectorial como instrumento de planificación territorial, vinculado aos proxectos sectoriais, previo á execución das obras*
- *Con este acordo, a Xunta da cumprimento ao seu compromiso de axilizar ao máximo os trámites para o investimento de máis de 14 M €: 5,6 achegados pola Xunta; 1,2 pola Deputación Provincial e 7,2 polo Concello de Barreiros*

O Consello da Xunta declarou na súa reunión de hoxe a incidencia supramunicipal do plan sectorial presentado polo Concello de Barreiros o pasado luns 20 de setembro, que habilitará a execución das obras de abastecemento, saneamento e mellora da rede viaria que proporcionen aos veciños de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante, os servizos básicos necesarios para o desenvolvemento da súa vida diaria.

A execución destas obras enmárcase no convenio de colaboración asinado o 20 de abril do 2009, entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, cun investimento de máis de 14 M€, dos cales: 5,6 M€ son achegados pola Xunta; 1,2 M€ pola Deputación Provincial e 7,2 M€ polo Concello de Barreiros. A achega do Goberno Galego inscríbese nas actuacións de dotación de equipamentos que a Xunta está a realizar nos concellos de Galicia.

Folla de ruta

O convenio recolle a vontade das administracións de acollerse aos instrumentos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, propoñendo a instrumentación dun plan sectorial de incidencia supramunicipal, ao consideralo como a vía de planificación territorial máis axeitada para materializar o convenio. Sobre todo tendo conta, que ata o 25 de febreiro, o Concello de Barreiros non asinou o contrato de redacción do PXOM coa empresa adxudicataria; polo que dificilmente podería acudirse a el para atopar solucións -a curto ou medio prazo- para a complexa situación acaída.

A situación actual de parálise supuxo un profundo impacto económico, non só no sector da construción, senón tamén nas empresas auxiliares de Barreiros, a Mariña Lucense, e toda a provincia de Lugo, que se ve agravada pola actual conxuntura económica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O Concello de Barreiros, consciente de que as infraestruturas de abastecemento e saneamentos quedaron desfasadas, propón a súa ampliación e dimensionado.

A Deputación de Lugo tendo en conta a negativa trascendencia económica que está a supoñer esta situación para o ámbito provincial, presta a súa colaboración institucional, xurídica, técnica e económica para o desenvolvemento do plan sectorial.

Pola súa banda, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e en concreto a Administración hidráulica de Galicia, consciente desas necesidades e coa finalidade de paliarlas, colabora activamente para a consecución de fins de interese común. Tendo en conta a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas en consideración a razóns de interese xeral, e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase a necesidade de tramitación do presente plan sectorial de incidencia supramunicipal.

A Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, recolle no seu artigo 22.1 do capítulo V, que a finalidade dos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal é regular a implantación territorial de infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia e repercusión transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características.

De acordo co punto 2 do citado artigo, consideraranse infraestruturas as construcións e conducións destinadas ás comunicacións, á execución da política hidráulica, á loita contra a contaminación e protección da natureza e á execución da política enerxética.

Tramitación do plan sectorial

O prazo estimado para a tramitación do planeamento é de dous meses desde a presentación do plan sectorial, que terá como obxecto establecer as condicións xerais para o desenvolvemento posterior da urbanización a través dos proxectos sectoriais correspondentes aos catro núcleos urbanos. Deste xeito, presentarase unha actuación concreta e determinada, cun nivel de detalle propio dos proxectos de urbanización.

O procedemento legalmente establecido para materializar o convenio, unha vez que o plan parcial sexa declarado de incidencia supramunicipal, ten o seguinte percorrido administrativo:

- Información pública, solicitude de informes sectoriais, avaliación ambiental estratéxica e informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- Aprobación polo Consello da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Unha vez aprobado definitivamente o plan sectorial, o cal está vinculado a tramitación dos proxectos sectoriais, podería procederse ao levantamento das medidas cautelares que permitirán o desbloqueo das obras e, polo tanto, a materialización do convenio.

Melloras

Con este convenio procederase á urbanización, abastecemento e saneamento dos núcleos urbanos de San Cosme, San Pedro, San Miguel de Reinante e Reinante.

San Cosme	<ul style="list-style-type: none">• 1.675 ml de rede de saneamento• Ampliación da depuradora de San Cosme en 2000 h-e.• 5.286 ml de rede de abastecemento• Urbanización (calzada e beirarrúas)
San Pedro	<ul style="list-style-type: none">• 526 ml de rede de saneamento• 2.388 ml de rede de abastecemento• Urbanización (calzada e beirarrúas)
San Miguel	<ul style="list-style-type: none">• 3.379 ml de rede de saneamento• Nova depuradora de 6.000 h-e• 3.090 ml de rede de abastecemento• Urbanización (calzada e beirarrúas)
Reinante	<ul style="list-style-type: none">• 163 ml de rede de saneamento• 2.122 ml de rede de abastecemento• Urbanización (calzada e beirarrúas)

Situación urbanística de Barreiros

Barreiros contaba cunhas normas subsidiarias de Barreiros aprobadas en outubro de 1994, polo que non están adaptadas á lexislación urbanística vixente e non establecen distinción entre as categorías do solo urbano consolidado e non consolidado.

A grande actividade edificatoria dos últimos anos e a insuficiencia de servizos nos núcleos urbanos (redes de saneamento e depuración de augas residuais, abastecemento de auga, potencia na subministración de enerxía eléctrica) determinaron que o Consello da Xunta de Galicia -por Decreto 15/2007, do 1 de febreiro-, suspendese a vixencia desas normas subsidiarias e aprobase unha ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor dun PXOM acorde coa lexislación vixente.

ECONOMÍA E INDUSTRIA INVISTE 8,7 MILLÓNS DE EUROS NA PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE 229 INVESTIGADORES E TECNÓLOGOS

- *A convocatoria será publicada no DOG nos próximos días, tal e como anunciou Javier Guerra no Parlamento a semana pasada*
- *No que vai de ano beneficiáronse dos programas de recursos humanos do Plan Galego de I+D+I un total de 824 profesionais, cun investimento de máis de 25 millóns de euros*

A Consellería de Economía e Industria investirá 8,7 millóns de euros na prórroga dos contratos de 229 investigadores e tecnólogos, gasto que foi aprobado na reunión do Consello da Xunta que tivo lugar hoxe. As axudas, que deberán ser solicitadas polos candidatos coa conformidade dos organismos responsables da súa contratación, serán convocadas a través do *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nos próximos días, tal e como anunciou o titular deste departamento, Javier Guerra, na súa comparecencia parlamentaria da semana pasada. Todas elas corresponden ao Programa de Recursos Humanos do Plan Galego de I+D+I, que no que vai 2010 beneficiou a un total de 824 investigadores, o que está a supoñer un investimento de máis de 25 millóns de euros.

Os beneficiarios últimos destas axudas públicas serán, en primeiro lugar, os 94 doutores contratados por universidades, outros centros de investigación e centros tecnolóxicos en 2006 e 2007 ao amparo do Programa Isidro Parga Pondal. As prórrogas dos seus contratos suporán un investimento total de 4,6 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia.

A convocatoria permitirá tamén a prórroga dos contratos predoutorais de formación de doutores para a súa incorporación en organismos públicos de investigación iniciados no ano 2008 ao amparo do Programa María Barbeito, actuación que beneficiará a 78 investigadores a través dun investimento de 757.302 euros.

Por último, esta iniciativa fará posible prorrogar os contratos de 57 tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D+i incorporados en 2008 por organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos galegos ao amparo do Programa Isabel Barreto, cun investimento de 3,3 millóns de euros.

Garantía de continuidade

O novo Plan Galego de I+D+I, que se atopa na súa fase final de elaboración, daralle continuidade ao Programa de recursos humanos, tal e como garantiu Javier Guerra no Parlamento o mércores pasado, coas melloras necesarias para asegurar a adecuada correspondencia da oferta de perfís coas demandas reais do Sistema Galego de Innovación, un elemento clave na tradución do coñecemento en creación de valor e, polo tanto, en competitividade e produtividade. Neste sentido, a nova estratexia de recursos humanos da Xunta de Galicia primará o apoio aos organismos e empresas do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

sistema que respondan con compromisos de eficiencia, rendibilidade e obtención de resultados.

Os programas de recursos humanos do Plan Galego de I+D+I teñen o propósito de definir e consolidar a carreira científica, incrementando o capital humano dedicado a actividades de I+D+I tanto en número como en especialización nas áreas de maior interese, para a súa incorporación aos axentes do Sistema Galego de Innovación.

A través de todos eles a Xunta concédelles axudas a universidades e outros organismos públicos de investigación, centros tecnolóxicos e empresas para que leven a cabo as contratacións e as prórrogas dos contratos, o que na práctica converte estas entidades nos responsables últimos da consolidación destes investigadores e tecnólogos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

EDUCACIÓN IMPULSA A PROXECCIÓN EXTERIOR DO GALEGO EN COLABORACIÓN CON UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS E ESTRANXEIRAS

- *A través da Secretaría Xeral de Política Lingüística asinará convenios coas universidades de Deusto, Alacante, Kiel, Leipzig e mais coa Complutense de Madrid e coa da Sorbona*
- *Grazas a estes acordos, desenvolveranse actividades de docencia, investigación e promoción da lingua e da cultura galegas*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dálle un novo impulso á proxección exterior da lingua galega a través da sinatura de convenios con tres universidades españolas e outras tres estranxeiras, segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta. Trátase da Universidade Complutense de Madrid, da Universidade de Deusto, da Universidade de Alacante, da Universidade da Sorbona (Francia) e das universidades alemás de Kiel e de Leipzig.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, destina un total de 374.000 euros para a realización das actividades ao abeiro destes convenios, que terán vixencia desde o próximo 1 de outubro ata o 30 de setembro de 2013.

Deste xeito, a Secretaría Xeral de Política Lingüística reforza a colaboración que vén mantendo coas universidades de Alacante, de Kiel, de Deusto e da Sorbona e mais coa Complutense de Madrid. Ademais, establécese por primeira vez un convenio coa Universidade alemá de Leipzig.

Materias e programas de actividades

Ao abeiro destes acordos, os plans de estudo das distintas universidades inclúen diversas materias de lingua, literatura e cultura galegas. Ao mesmo tempo, estas institucións académicas comprométese a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura de Galicia, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

O encargado de dirixir estas actividades será un lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galega, contratado por cada unha das universidades por proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Coa sinatura destes convenios a Consellería de Educación continúa a impulsar a proxección exterior do galego, un dos obxectivos marcados no Plan de Normalización Lingüística, a través da consolidación do ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo e introduciilo noutras universidades de interese estratéxico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Aposta pola difusión exterior da lingua e da cultura galegas**

A aposta que a Xunta realiza en universidades de fóra de Galicia fai posible o desenvolvemento dun amplo e variado programa de actividades culturais de todo tipo, que facilita a proxección internacional e o coñecemento da cultura galega entre o público universitario e a cidadanía en xeral. Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en corenta universidades de Europa e de América e a maior parte delas contan con lectores e lectoras, asentados en departamentos coñecidos como centros de estudos galegos.

A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades españolas e estranxeiras é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión exterior do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO DESTINARÁ MÁIS DE 200.000 EUROS AO ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO CRUCEIRO DA SANTÍSIMA TRINDADE EN BAIONA**

- *A Consellería de Cultura e Turismo asinará un acordo de colaboración co concello de Baiona coa finalidade pór en valor todos os recursos etnográficos, culturais e turísticos da zona ao tempo que se procura a sensibilización ambiental sobre o patrimonio cultural e natural de toda a área de influencia*
- *O cruceiro da Santísima Trindade de Baiona foi construído no século XV e constitúe unha das escasas mostras que existen de cruceiros con cuberta de baldaquino. A importancia deste conxunto histórico artístico, situado á beira do Camiño Portugués pola Costa, fai necesario acometer estes traballos de reparación que incentiven o turismo cultural e de natureza neste Ano Xacobeo 2010*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o concello de Baiona para a realización de actuacións de acondicionamento na contorna do cruceiro da Santísima Trindade. A finalidade última do acordo é a de pór en valor a totalidade dos múltiples recursos etnográficos, culturais e turísticos de toda a área de influencia próxima ao cruceiro.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, achegará para este fin un total de 207.821,40 euros, con cargo á aplicación orzamentaria do ano 2010. Esta actuación está financiada polo Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 dentro das axudas á mellora dos servizos turísticos.

O cruceiro da Santísima Trindade atópase á entrada de Baiona pola antiga calzada romana. Foi construído no século XV e é das escasas mostras que existen de cruceiros con cuberta de baldaquino. A súa cúpula é renacentista, con forma de pirámide apoiada en catro columnas rematadas en forma de pináculos cilíndricos. No seu interior o cruceiro composto dunha cruz gótica coa imaxe de Cristo e, aos seus pés, a imaxe da Virxe xunto a outras figuras consagradas como o Apóstolo Santiago, a Magdalena e a Dolorosa.

Nun ano tan importante coma este, no que se celebra o Ano Santo, a Administración autonómica prevé estas actuacións como unha ferramenta primordial na promoción e estímulo do sector turístico en todo o territorio galego, revalorizando enclaves tan singulares coma este de Baiona. Tense en conta, ademais, a necesidade de impulsar a desestacionalización da demanda e a diversificación da oferta turística na comunidade autónoma, unha diversificación en que se prime sobre todo a calidade e a satisfacción do usuario turístico. O convenio estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2010.

CULTURA E TURISMO ASINARÁ UN CONVENIO PLURIANUAL CON BALNEGAL PARA DIFUNDIR O TERMALISMO DENTRO E FÓRA DE GALICIA E FOMENTAR A INVESTIGACIÓN DA HIDROTERAPIA TERMAL

- *A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, achegará un total de 85.000 euros, distribuídos en dúas anualidades, co obxecto de promover o coñecemento da oferta termal galega como un dos elementos esenciais do desenvolvemento endóxeno-turístico de Galicia*
- *O impulso definitivo á primeira cátedra de Hidroloxía Médica de Galicia e segunda de España, impartida na Universidade de Santiago de Compostela, a participación do sector termal galego na feira Aquameeting de Porto, así como presentacións e work-shops específicos en León e Madrid son algunhas das accións máis destacadas do acordo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración plurianual entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Asociación Galega da Propiedade Balnearia (BALNEGAL) por un valor de 92.438 euros. Desta contía, a Secretaría Xeral para o Turismo achegará un total de 85.000 euros distribuídos nas anualidades 2010 e 2011, o que supón o 91,95% do total do orzamento. O obxecto do acordo é o de difundir o termalismo en mercados de proximidade e internacionais, así como o de fomentar a investigación e o coñecemento da hidroterapia termal como remedio médico-terapéutico.

Deste xeito, o acordo prevé accións conxuntas orientadas a afondar na vinculación entre turismo e saúde, como é o caso do impulso de medidas realizado para a creación e desenvolvemento da primeira cátedra de Hidroloxía Médica de Galicia e segunda de España, que se imparte actualmente na Universidade de Santiago de Compostela grazas ao financiamento da Secretaría Xeral. Trátase de dar a coñecer a imaxe de marca dos balnearios de Galicia e presentar a oferta termal galega vinculada ao turismo de saúde, promocionando e fomentando a actividade económica do sector turístico termal.

Dentro deste capítulo prevese a realización de cursos, seminarios, conferencias e demais actividades académicas específicas, que redunden na práctica da ideoloxía, ademais de diversas accións encamiñadas a facilitar a inserción profesional dos estudantes, fomentando a colaboración entre a USC e o sector profesional sanitario. Outras actuacións promocionais destacadas do convenio son a participación na feira Aquameeting de Porto (Portugal) e a realización das presentacións e *work-shops* que terán lugar en León e Madrid. Ademais tamén se realizará a exposición titulada 'A auga benfeitora. Historia dos balnearios de Galicia 1700-1736', entendendo estes como fontes de turismo de calidade de ocio e saúde.

A riqueza mineromedicinal das captacións termais de Galicia (máis de 300), situadas maioritariamente no interior do territorio e o renacer dos balnearios como destinos de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

turismo de calidade de ocio e saúde motivan este sector como actividade dinamizadora da economía no contorno das zonas de interior.

A Asociación Galega da Propiedade Balnearia conta na actualidade con vinte balnearios asociados que representan case o total de balnearios en funcionamento de Galicia. O convenio mantén a súa vixencia ata a completa realización das actuacións, e finalizará, en todo caso, o vindeiro 31 de decembro de 2011.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO RURAL COLABORA COA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO
CARA AS DETERMINACIÓNS DE LABORATORIO NECESARIAS NO MARCO DOS
PROGRAMAS OFICIAIS EN MATERIA DE SANIDADE VEXETAL**

O Consello da Xunta autorizou esta mañá á Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, para a determinación das especies que xeran pragas e enfermidades agrícolas e forestais.

A Consellería do Medio Rural é o órgano competente para a adopción de medidas de defensa contra pragas e enfermidades, para o que é necesario contar coa colaboración de laboratorios que realicen as análises oportunas.

Dado que a Deputación Provincial de Pontevedra posúe a *Estación Fitopatolóxica do Areeiro*, centro que dispón de persoal científico cualificado, así como de instalacións e laboratorios onde clasificar as especies patóxenas; as dúas entidades, consellería e deputación acordan establecer unha colaboración específica para a determinación e clasificación destas especies. As mostras obtidas serán analizadas por persoal cualificado que adoptarán os métodos de loita máis axeitados contra as pragas e enfermidades.

Dotación

A Consellería do Medio Rural achega 360.000 euros que se repartirán en tres anualidades. Para este ano 2010 destinaranse 140.000 euros, para o vindeiro ano 2011 a cantidade será de 120.000 euros e para o 2012 o importe restante (100.000 euros). O convenio está cofinanciado con fondos ao 50% propios da Administración autonómica e fondos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

O 98% DOS GALEGOS BENEFÍCIANSE XA DO SISTEMA DE HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA IANUS NO SEU CENTRO DE SAÚDE

- *IANUS integra nun único sistema de información os historiais clínicos dos galegos, independentemente do centro sanitario onde sexan atendidos ou do lugar onde residan*
- *Garante o control do acceso e a confidencialidade dos datos do paciente e mellora a toma de decisión dos profesionais da saúde*
- *O número de accesos por mes aos historiais clínicos a través de IANUS supera actualmente os 1,8 millóns*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe os membros do Consello da Xunta sobre a implantación en Galicia do sistema de Historia Clínica Electrónica IANUS. Este proxecto, iniciado en 2004, consolidouse na Comunidade Autónoma neste último ano, estendendo a súa cobertura á práctica totalidade dos centros sanitarios galegos, incluíndo os concertados e os de asistencia a drogodependentes, así como as farmacias.

IANUS integra nun único sistema de información os historiais clínicos dos galegos, independentemente do centro sanitario onde sexan atendidos ou do lugar onde residan. Polo tanto, permite dispor da información clínica do cidadán integrada e completamente accesible; garante o control do acceso e a confidencialidade dos datos do paciente; proporciona continuidade asistencial ao cidadán; e mellora a toma de decisión dos profesionais da saúde.

Na actualidade, a Comunidade conta con 440 centros de saúde integrados neste sistema, o que supón unha cobertura do 98% da poboación; aos que hai que sumar todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde e tres hospitais concertados.

No último ano deuse acceso a máis de 3.000 novos profesionais, e o número de accesos por mes aos historiais clínicos a través de IANUS supera os 1,8 millóns, o que supón un aumento do 60% de utilización con respecto a hai un ano.

Vantaxes do sistema

A conselleira explicou que a dixitalización do sistema achega diversas vantaxes, como o aumento da calidade asistencial, ao tempo que permite unha utilización homoxénea de guías clínicas de referencia para distintas patoloxías.

Grazas a el acádase tamén unha redución de tempos para o acceso aos informes e resultados de probas diagnósticas entre os niveis de Atención Primaria e Especializada, así como nos procesos de hospitalización.

Ademais, o IANUS posibilita que haxa unha maior accesibilidade á medicación e unha redución do número de desprazamentos ao centro de saúde e simplificación dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

procedementos de homologación e unha maior seguridade e confidencialidade no manexo da información.

Por último, o sistema permítelles aos galegos acceder a máis información sobre o seu estado de saúde, poñendo á disposición do paciente a información clínica en formato electrónico -informes de alta, documentos de instrucións previas, situacións en lista de espera, actividades programadas, etc- mediante un sistema seguro baseado no certificado dixital.

O TRASLADO AO HOSPITAL LUCUS AUGUSTI COMEZARÁ O 22 DE NOVENBRO

- *En total, a Xunta investiu 181 millóns de euros na súa obra*
- *A súa entrada en funcionamento suporá “unha auténtica revolución sanitaria”, tanto no que atinxe á incorporación de novos servizos dos que agora carece a provincia como á modernización dos restantes e a ampliación da superficie útil*
- *O investimento no equipamento do Lucus Augusti ascende a 33,3 millóns de euros, dos que máis de 10 millóns de euros corresponden a alta tecnoloxía*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe os membros do Consello de que o traslado dos servizos sanitarios ao novo Hospital Lucus Augusti dará comezo o día 22 de novembro.

A conselleira indicou que xa está a ser recibida a práctica totalidade do novo equipamento do centro hospitalario. O investimento total no equipamento do Lucus Augusti ascende a 33,3 millóns de euros, dos que máis de 10 millóns de euros corresponden a alta tecnoloxía. En total, a Xunta investiu 181 millóns de euros na obra do hospital.

Plan Funcional da Área Sanitaria de Lugo

O informe que presentou hoxe no Consello a responsable da carteira sanitaria da Xunta fai referencia tamén ao Plan Funcional da Área Sanitaria de Lugo. Este contén as liñas mestras e principios básicos que guiarán as formas de xestión, organización e actuación da Xunta de Galicia, así como o modelo asistencial dos centros hospitalarios lucenses nos vindeiros anos.

Así, o plan ten cinco obxectivos principais: apostar pola atención primaria, reforzar a rede asistencial, dotar a área sanitaria de recursos de media e longa distancia, mellorar os recursos socio-sanitarios e modernizar as infraestruturas e a tecnoloxía asistencial.

Características do Hospital Lucus Augusti

No que se refire ao novo hospital Lucus Augusti, sitúase na zona de San Cibrao, nunha parcela de 166.000 metros cadrados, oito veces superior á superficie en que se asenta o actual hospital, e multiplicará por catro a superficie construída, pasando aos máis de 160.000 metros cadrados do centro.

Consta de cinco bloques con usos específicos: un bloque industrial, un administrativo, un de hospitalización, un de consultas e un técnico. O bloque de hospitalización contará 869 camas: 755 en unidades de hospitalización convencional; 39 en UCI/reanimación; 26 en espertar; 10 en unidade de custodia e 39 en outras unidades especiais. Pola súa banda, no bloque cirúrxico contará cun total de 19 quirófanos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A súa carteira de servizos adaptarase ás necesidades da poboación, á súa situación como centro de referencia da provincia, e ao potencial desenvolvemento de novos servizos. Ademais, potenciará a continuidade asistencial, evitando a dispersión física entre diferentes edificios; realizará unha xestión adecuada dos recursos destinados á atención dos cidadáns e evolucionará cara un modelo de xestión baseado na colaboración e integración entre servizos e con outros centros de atención, tanto de atención primaria como de atención especializada.

UNS 4,4 MILLÓNS DE PERSOAS ASISTIRON XA ÁS DIFERENTES ACTIVIDADES DA AMPLA PROGRAMACIÓN DE XACOBEO 2010 PARA ESTE ANO SANTO

- *Xacobeo 2010 estendeu a súa programación cultural a localidades de Galicia, España e doutros 10 países (Arxentina, Bélxica, Brasil, China, Estados Unidos, Eslovaquia, Francia, Italia, Xapón e Portugal).*
- *No apartado musical durante o período estival, do 15 de xuño e ata o 15 de setembro, máis de 1,6 millóns de persoas asistiron aos 412 concertos e citas musicais en que participaron máis de 300 artistas.*
- *Segundo os datos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a programación cultural propia de Xacobeo 2010 estenderase durante todo o ano a máis de 361 localidades, 287 dentro de Galicia, 35 en España e 39 no estranxeiro.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe sobre as actividades desenvolvidas ata a o 15 de setembro dentro da programación cultural do Xacobeo 2010. O informe cifra en 4,4 millóns de persoas os asistentes ás diferentes actividades culturais propostas dentro da programación propia ou patrocinada pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e na realizada de forma conxunta con Caixa Galicia e Caixanova.

Xacobeo 2010 estendeu a súa programación cultural a localidades de Galicia, España e doutros 10 países (Arxentina, Bélxica, Brasil, China, Estados Unidos, Eslovaquia, Francia, Italia, Xapón e Portugal).

Segundo os datos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo presentados esta mañá pola Consellería, a programación cultural de Xacobeo 2010 estenderase durante todo o ano a máis de 361 localidades, 287 dentro de Galicia, 35 en España e 39 no estranxeiro.

Programación musical estival

Respecto á programación musical no período estival, do 15 de xuño ao 15 de setembro, máis de 1,6 millóns de persoas asistiron a algún dos 412 concertos e citas musicais nas que participaron máis de 300 artistas, tanto nas organizadas por Xacobeo 2010 como nos diferentes patrocinios en que se involucrou.

En concreto, neste período ás actividades organizadas por Xacobeo 2010, un total de 214 concertos, asistiron 357.898 persoas e nelas participaron máis de 240 artistas. Respecto aos patrocinios, o número de eventos no período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, foi de 198, nos que participaron máis de 160 artistas e asistiron 1.296.355 persoas.

Neste período celebráronse os grandes festivais musicais de Xacobeo 2010 aos cales asistiron preto de 321.000 persoas. Entre estes grandes festivais atópanse Sónar Galicia do 17 ao 19 de xuño; Vigo Transforma do 2 ao 10 de xullo; o festival Vía Stellae durante o mes de xullo; o Festival Internacional de Música Celta de Ortigueira os días 9

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

e 10 de xullo; A Festa dos Mundos o 7 de agosto; o festival Xacobeo 10 o 27 de agosto; FIOU Festival Internacional de Orquestras de Galicia a primeira fin de semana de setembro, e o MTV Galicia 2010 o 5 de setembro.

Por outra banda, aos grandes concertos desenvolvidos no verán acudiron máis de 62.100 persoas. Neste apartado atópanse os recitais de Joaquín Sabina o 7 de xullo; Ben Harper & Relentless7 o 14 de xullo; Diana Krall e Elvis Costello o 27 de xullo; Mark Knopfler o 28 de xullo; Jean Michel Jarre o 31 de xullo; Mika o 14 de agosto; Carlos Núñez xunto con The Chieftains e a Orquestra Sinfónica de Galicia o 11 de setembro, e Leonard Cohen o pasado día 12.

Os Camiños da programación

A programación de Xacobeo 2010 artellouse nos seguintes dez camiños: da Música, das Artes Escénicas, Contemporáneo, da Historia, da Reflexión, da Espiritualidade, do Audiovisual, do Deporte, da Gastronomía e Infantil.

O Camiño da Música é un dos apartados máis amplos da programación e no que se desenvolveron, desde xaneiro e ata a data de onte, máis de 589 eventos e actividades en 309 localidades que atraeron a máis de 2,4 millóns de persoas.

Pola súa banda, o Camiño das Artes Escénicas levou un total de 108 espectáculos a 63 localidades galegas, aos cales asistiron máis de 250.000 espectadores. Entre as representacións destacaron, entre outros, os espectáculos do Circo do Sol, Mayumaná, Merce Cunningham Dance Company, Nova Galega de Danza e as representacións da obra Master Class protagonizada pola actriz galega Mabel Rivera.

O Camiño Contemporáneo inclúe grandes exposicións xunto con mostras de pequeno formato que percorren diversas localidades galegas. Desde xaneiro ata o 15 de setembro, un total de 132.809 persoas visitaron as diferentes exposicións organizadas, que chegaron a 54 localidades de Galicia, 5 no resto de España e outras 20 no estranxeiro.

Dentro do Camiño da Historia inclúense tamén exposicións itinerantes de gran e pequeno formato. Ata o día de onte celebráronse 38 mostras en 30 localidades que foron visitadas por 122.245 persoas. Entre elas atópase a grande exposición histórica sobre a figura do arcebispo Xelmírez, inaugurada o pasado día 25 de agosto en Santiago, tras estar exposta en París e Roma. Pola súa parte, a mostra de *Francisco Leiro. Celebrando o Códice Calixtino* estivo xa en Santiago e Pontevedra e na actualidade pode verse na Coruña ata finais de mes. Logo, no outono, chegará a Bruxelas.

Pola súa banda, no Camiño da Reflexión destacou, xunto aos congresos incluídos no programa de patrocinio de Xacobeo 2010, o I Encontro de Literatura de Viaxes LITVI

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

que tivo lugar no mes de xuño, e que convocou en Santiago de Compostela a máis de 5.500 asistentes.

No Camiño do Audiovisual destaca o programa de patrocinio Xacobeo Filme, que engloba os 11 mellores festivais de cine, curtametraxes e animación de Galicia. Ata o día de onte, tiveron lugar 6 destes certames aos que asistiron 28.726 espectadores. Asemade, Xacobeo 2010 colabora en diferentes proxectos cinematográficos como *The Way*, dirixida por Emilio Estévez e protagonizada por Martin Sheen, así como a próxima película de Pedro Almodóvar, *La piel que habito*.

Respecto ao Camiño do Deporte, Xacobeo 2010 participou en diversos eventos deportivos como por exemplo a Carreira da Muller, que tivo lugar o 23 de maio, ou a Regata El Corte Inglés Máster que tivo lugar a fin de semana pasada. En total, ás actividades e patrocinios deste apartado asistiron 35.319 persoas. Dentro do Camiño Infantil, na actualidade pode contemplarse a exposición *Santiago. A viaxe continúa* que ata o día de onte rexistrou 3.619 visitas. A mostra estará aberta ata o próximo 10 de outubro.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo deseñou para este Ano Santo unha ampla programación de atracción internacional en que a promoción da cultura galega ten un gran peso como maneira de levar o traballo dos artistas galegos por toda Galicia e tamén ao estranxeiro. Así mesmo, a programación persegue a descentralización de feito que chegue a todos os recunchos de Galicia, e tamén se primou o talento e a creatividade artística xunto coa diversidade temática e de estilos coa programación de actividades para todos os públicos e todas as idades.